



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

BORRADOR ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
2020/G010/000003	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	18 de febreiro de 2020
Duración	Dende as 14,10 horas ata as 15,00 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de Frades
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o presidente abre a



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de borrador repartido coa convocatoria, a seguinte acta

- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 17 de xaneiro de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Formúlanse as seguintes observacións polo voceiro do PSOE:

- No punto tres deberá constar: En lugar de o voceiro do PSOE é o concelleiro do PSOE Don Aurelio Garea o que pregunta pola partida relativa a promoción e fomento do deporte que ascende a 21.617 euros.

Unha vez se corrixan, o Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrad0 o día 17 de xaneiro de 2020.

2.- DAR CONTA DA RECTIFICACIÓN DO DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO ECONÓMICO 2018, E DA SÚA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA.-

O Sr. Alcalde-Presidente procede a dar conta do decreto nº 198/2019, corrixido (consta dilixencia de corrección), nos seguintes termos:

<<ASUNTO: CORRECCIÓN APROBACIÓN LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2018 CONCELLO DE FRADES.

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Logo de ver o expediente de Liquidación correspondente ao exercicio 2018, composto por:

- ❖ Liquidación do Orzamento de Gastos, que contén:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

1. Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
2. Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
3. As obrigacións recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
4. Os pagos realizados, son indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigacións recoñecidas netas.
5. As obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro de 2018.
6. Os remanentes de crédito.

❖ Liquidación do Orzamento de Ingresos, que contén:

1. As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
2. Os dereitos recoñecidos.
3. Os dereitos anulados.
4. Os dereitos cancelados.
5. Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.
6. A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
7. Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2018.
8. A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

❖ Resultado Orzamentario

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

Como consecuencia da liquidación do Orzamento determínanse:

- 1.- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 2.- O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 3.- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- 4.- O remanente de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Logo de ver o Informe de Intervención corrixido sobre a Liquidación correspondente ao exercicio 2018 e Estabilidade Orzamentaria que constan no expediente.

Vista a dilixencia de Secretaria emitida para a corrección da estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2018, que corrixe o decreto nº 198/2019, co teor literal seguinte:

“Revisado o Decreto de Liquidación do exercicio 2018, como consecuencia da remisión ao Ministerio de Facenda, a través da aplicación “autoriza” o 12.02.2020, os datos da



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Liquidación do exercicio 2018, por esta Secretaria-Interventora detéctase é necesario corrixir o dato da que a estabilidade, pola posibilidade de realización de axustes.

Procédese á emisión de novos axustes positivos no informe de intervención, onde se calcula novamente a estabilidade que, con axustes, arroxa un saldo positivo a favor do Concello, tras considerar, entre outros, as devolucións da Participación nos Tributos do Estado correspondentes ao 2008 e 2009, e as diferenzas entre as previsións de ingresos e a recadación dos capítulos I,II e II de Ingresos.

Polo tanto, é necesario corrixir o Decreto da alcaldía de Liquidación do exercicio 2018 nº 198.2019:

Onde di:

<<3.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO EXERCICIO 2018:

Capacidade de financiamento:

-36.313,64 euros. Inestabilidade orzamentaria/ déficit financiamento.

Necesidade de elaborar un plan económico financeiro.>>

Debe dicir:

<<3.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO EXERCICIO 2018:

Capacidade de financiamento:

5.970,33 euros. Estabilidade orzamentaria. Capacidade de financiamento.>>”

De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Corrixir o decreto de liquidación nº 198.2019 do Orzamento do Concello de Frades do exercicio 2018, segundo o seguinte detalle:

1.- REMANENTE DE TESOURERÍA:

REMANENTE DE TESOURERÍA	
1.- FONDOS LIQUIDOS	250.914,2 4
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	131.666,4 6



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	125.758,09
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	5.908,37
2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITIVA	
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	70.956,12
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	38.203,17
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	1.943,78
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	30.809,17
3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)	311.624,58
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	102.740,11
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	25.000,00
IV Saldo de acredores por devolución de ingresos ao final do período	
V. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	183.884,47

2.- RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO	
1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	1.737.434,13
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	1.542.984,92
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIONES CORRENTES	194.449,21
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	450.550,54
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	680.719,44



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	-
	230.168,90
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.187.984,67
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.223.704,36
1.3 RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	-35.719,69
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	
3.- PASIVOS FINANCEIROS	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.187.984,67
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.223.704,36
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	-35.719,69
AXUSTES	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	135.457,84
5.- DESVIACIÓNS DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	126.847,31
6.- DESVIACIÓNS DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	99.711,95
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)	126.873,51

3.- CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO EXERCICIO 2018:

Capacidade de financiamento:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

5.970,33 euros. Estabilidade orzamentaria. Capacidade de financiamento.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dese conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e Comunidade Autónoma.>>

O Alcalde- Presidente concédelle a palabra á Secretaria para que proceda a explicar a rectificación.

O concelleiro do PSOE, Don Aurelio Garea pregunta se é posible utilizar o remanente líquido de tesourería para gastos xerais.. A Secretaria explica que si ata o límite da estabilidade orzamentaria e de acordo coas previsións legais seguindo uns criterios para a aplicación do superávit orzamentario(amortización de débeda, investimentos financeiramente sostibles...).

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA SUBVENCIÓN PARA UN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS TALLERES DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020 (DOG Nº 14 DE 22 DE XANEIRO DE 2020).-

Vista a Orde do 27 de decembro de 2019 (DOG nº 14, de data 22/01/2020), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Visto o disposto nos arts. 1, 3 e 19 de a Orde de 27/12/2019.

Visto o disposto nos arts. 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, arts. 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e art. 4 do R.D. Legislativo 3/2015, de 23 de outubro.

Visto o disposto nos arts. 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

O Pleno da Corporación **ACORDA por unanimidade**, e segundo proposta do Sr. Alcalde Presidente:

PRIMEIRO.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento proxecto: Obradoiro de Emprego “Brañas do Illó-Río Samo III”.

SEGUNDO.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

TERCEIRO.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.

CUARTO.- Aprobar o proxecto: “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Ríos Samo III”, redactado por José Manuel Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo e o orzamento de gastos segundo a seguinte táboa:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

CONCEPTO	IMPORTE
Actuación proxecto técnico Mesía	5.854,22 €
Actuación proxecto técnico Frades	8.864,90 €
Actuación proxecto técnico Ordes	23.770,90 €
Indemnización por fin de contrato Mesía	811,93 €
Indemnización por fin de contrato Frades	811,93 €
Indemnización por fin de contrato Ordes	811,93 €
Traslados Frades	4.000,00 €
Traslados Mesía	4.000,00 €
Traslados Ordes	4.000,00 €
Costes persoal directivo e alumnos*	319.874,00 €
Gastos de xestión e material	27.072,00€
TOTAL	399.871,81€

*O importe de salarios e soldos pódese ver incrementado unha vez que se publiquen as normas de cotización do SMI

QUINTO.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos consistentes en repoboacións forestais, tratamentos silvícolas e actividades auxiliares de conservación e mellora do monte "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo III", redactado por José Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo, cun orzamento de execución total nos tres concellos de **38.428,52 euros (ive incluído)**.

SEXTO.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de data 27/12/2019, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto: "Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo III", por importe de **346.946,00 €**, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

O concelleiro do PSOE, Don Enrique Astray pregunta por que tres Concellos. O Alcalde contesta que "... non chegamos ao mínimo de parados, nin sequera con Mesía. Creo que o mínimo de parados é de 500... ademais tamén o facemos conxuntamente para ter máis posibilidades...".

O concelleiro do PSOE, Don Aurelio Garea interésase polos criterios para a elección dos 5 alumnos que lle corresponden a Frades. O Alcalde explica que o valora a oficina de emprego, cuns baremos sociais, dando preferencia ás mulleres, aos maiores de 45 anos, aos parados de longa duración...

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 15:00 h.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE DATA 07.03.2020